

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

8958 *Real decreto 922/2009, do 29 de maio, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación para o curso 2009-2010.*

O Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, establece o novo réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, modifica o anteriormente vixente de xestión centralizada e regula, con carácter básico, os parámetros precisos para asegurar a igualdade no acceso ás citadas bolsas e axudas ao estudo sen detrimento das competencias normativas e de execución das comunidades autónomas. Así, establece as normas xerais aplicables tanto ás bolsas territorializadas como a aquelas cuxa xestión corresponde ao Estado, os requisitos económicos e académicos para ser beneficiario e os principios e condicións de revogación e reintegro e incompatibilidade das bolsas e axudas estatais.

Non obstante, debido ao seu carácter cuantitativo, algúns dos referidos parámetros básicos deben ser obxecto de actualización periódica co fin de que non resulten desvalorizados polo transcurso do tempo. Para estes efectos, a disposición adicional primeira da mencionada disposición encoméndalle ao Goberno a determinación destes parámetros variables para cada curso académico, mediante un real decreto que se aprobará anualmente, logo de consulta ás comunidades autónomas.

Por outra parte, conforme a disposición adicional novena de Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reforma para o impulso da produtividade, as bolsas e axudas ao estudo que se convoquen para seguir estudos regulados e para as que non se fixe un número determinado de persoas beneficiarias concederánselle de forma directa ao alumnado tanto universitario como non-universitario. Dispón, así mesmo, a citada lei que a contía das referidas bolsas e axudas ao estudo se fixará en función dos custos que xere a educación para os estudantes, así como das circunstancias socioeconómicas da súa unidade familiar, e que se concederán atendendo, cando proceda, ao aproveitamento académico e aos niveis de renda e patrimonio con que conte a unidade familiar. Por último, dispón que o seu réxime se establecerá por real decreto, que deberá contar con informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

En cumprimento destes preceptos, este real decreto vén establecer, para o curso académico 2009-2010, os parámetros económicos das bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación, que se convocan sen un número determinado de persoas beneficiarias, fixando as súas contías, así como os limiares de patrimonio e renda familiar por enriba dos cales desaparece o dereito á súa obtención.

Polo que se refire ás ensinanzas universitarias, o curso académico 2009-2010 preséntase cunha especial relevancia, dado que comeza de forma xeneralizada a implantación da nova estrutura das ensinanzas universitarias de grao, todo iso de acordo coas liñas xerais do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Os novos plans de estudos implantaranse ao longo dos próximos catro anos, e producirase, por outra parte, a extinción gradual das ensinanzas universitarias que se levan a cabo conforme plans de estudos anteriores. É por iso polo que este real decreto, aplicando as políticas do departamento por adaptación ao EEES, presta unha especial atención ás bolsas e axudas da nova ordenación académica, introducindo melloras que son parte esencial da adaptación do sistema universitario español e da política de igualdade e mellora das oportunidades para o acceso á educación superior dos cidadáns.

En canto aos compoñentes das bolsas e axudas ao estudo, mantéñense os xa establecidos no Real decreto 675/2008, do 28 de abril, pero inclúese, para os estudantes universitarios, a bolsa salario como unha modalidade de bolsa compensatoria, configurada en todo caso como o compoñente de compensación a que se refire o artigo 9.1 do Real

decreto 1721/2007, do 21 de decembro. Da dita bolsa salario poderanse beneficiar os estudantes de grao que reúnan os requisitos de renda e patrimonio correspondente ao limiar fixado para estas. Instrumentábase así un dos puntos sinalados no Plan de Acción 2009, para o apoio e a modernización da universidade española, promovendo a igualdade de oportunidades para o acceso á educación superior dos cidadáns, independentemente do seu nivel económico e situación social. Nos niveis non-universitarios tamén se manteñen os xa establecidos para cursos anteriores e créase unha nova modalidade denominada «de mantemento», destinada a aqueles alumnos que se atopan en situación de maior risco de abandono do sistema educativo sen obterem a correspondente titulación.

Os limiares de renda familiar actualízanse nun 3,6 por cento con relación aos vixentes no curso 2008-2009 e mantense a franxa de intervalo naqueles limiares nos cales se fixaba un mínimo e un máximo para a súa aplicación de acordo co previsto na alínea e) da disposición adicional primeira do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro. Así mesmo, e de acordo coa Dirección Xeral do Catastro, actualízanse os limiares máximos dos valores catastrais tanto dos predios urbanos como dos predios rústicos.

Polo que se refire ás contías, increméntanse de forma xeral nun 1 por cento con relación ás do curso anterior, coa excepción da bolsa salario, que o fai nun 12 por cento con respecto á bolsa compensatoria. Con isto preténdese que a ausencia de ingresos pola dedicación plena aos estudos universitarios permita unha mellor adaptación aos requirimentos das titulacións do Espazo Europeo de Ensino Superior sen menoscabo do rendemento académico.

Por outra parte, incluíuse un número específico para a compensación das desvantaxes dos estudantes universitarios con discapacidade, posto que requiren de medidas de apoio derivadas desta, polo que se establece unha especificidade nos requisitos académicos para estes estudantes que lles permita acceder con maior facilidade ao sistema de bolsas e axudas ao estudo.

Este real decreto conta con informes favorables do Ministerio de Economía e Facenda e do Ministerio de Política Territorial. Foi, ademais, obxecto de ditame polo Consello Escolar do Estado e na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de maio de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto determinar os seguintes parámetros cuantitativos polos que se rexerán as convocatorias de bolsas e axudas ao estudo correspondentes ao curso académico 2009/2010 financiadas con cargo ao orzamento do Ministerio de Educación:

- a) A contía dos compoñentes das diferentes modalidades das bolsas e axudas ao estudo regulados no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.
- b) Os limiares de renda e patrimonio familiar por enriba dos cales desaparece o dereito á percepción das bolsas e axudas ao estudo.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Para o curso académico 2009-2010 e con cargo aos créditos correspondentes dos orzamentos xerais do Estado, convocaranse bolsas sen número determinado de persoas beneficiarias para as seguintes ensinanzas:

- a) Bacharelato.
- b) Formación profesional de grao medio e de grao superior.
- c) Ensinanzas artísticas profesionais.
- d) Ensinanzas deportivas.
- e) Estudos de idiomas realizados en escolas oficiais de titularidade das administracións educativas, incluída a modalidade de distancia.
- f) Ensinanzas universitarias adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior conducentes a títulos oficiais de grao e de máster, incluídos, de ser o caso, os correspondentes aos complementos de formación necesarios para o acceso ao máster.
- g) Ensinanzas universitarias conducentes aos títulos oficiais de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, incluídos os complementos de formación para diplomados universitarios que desexen proseguir estudos oficiais de licenciatura.
- h) Ensinanzas artísticas superiores.
- i) Estudos relixiosos superiores.
- j) Estudos militares superiores.

2. Para o curso académico 2009-2010, e con cargo aos créditos correspondentes dos orzamentos xerais do Estado, convocaranse axudas ao estudo sen número determinado de persoas beneficiarias para as seguintes ensinanzas:

- a) Cursos de preparación para as probas de acceso á formación profesional impartidos en centros públicos.
- b) Programas de cualificación profesional inicial.
- c) Curso de preparación para o acceso á universidade de maiores de 25 anos impartido por universidades públicas.
- d) Ensinanzas non-universitarias adaptadas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade e trastorno de conduta ou de alta capacidade intelectual.

Artigo 3. *Bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral.*

Convocarase bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral para o alumnado de bacharelato, de formación profesional, de ensinanzas deportivas, de ensinanzas de idiomas, de programas de cualificación profesional inicial, de ensinanzas artísticas, doutras ensinanzas superiores, de ensinanzas universitarias conducentes ao título oficial de licenciado, de enxeñeiro, de arquitecto, de diplomado, de mestre, de enxeñeiro técnico e de arquitecto técnico, así como para as ensinanzas universitarias conducentes ao título oficial de grao e de máster que se cursen en universidades españolas.

CAPÍTULO II

A contía dos compoñentes das bolsas e axudas ao estudo

Artigo 4. *Compoñentes e contías das bolsas e axudas para as ensinanzas non-universitarias.*

1. Os compoñentes e contías das bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral para as ensinanzas de bacharelato, formación profesional, artísticas profesionais, deportivas, de idiomas e programas de cualificación profesional inicial serán os seguintes:

	Compoñentes	Ciclos formativos de grao superior con duración dun curso máis prácticas	Ciclos formativos de grao medio con duración dun curso máis prácticas	Ciclos formativos de grao superior	Ciclos formativos de grao medio	Programas de cualificación profesional inicial	Demais estudos deste artigo
De compensación	Axuda compensatoria. Bolsa de mantemento.	2.816	2.405	2.273	2.020	1.350	2.020
Por desprazamento	Desprazamento de 5 a 10 km.			190			
	Desprazamento de máis de 10 a 30 km.			382			
	Desprazamento de máis de 30 a 50 km.			755			
	Desprazamento de máis de 50 km.			928			
	Transporte urbano.						
Outros compoñentes	Residencia.	2.969	2.969	2.531	2.531		2.531
	Escolarización.			575			
	Escolarización en centros municipais.			288			
	Escolarización en centros con concerto singular.			224			
	Proxecto de fin de carreira.	538		538			
	Material escolar.	215	202	215	202	202	202
	Suplemento cidades.			202			

2. Con excepción dos beneficiarios do compoñente de residencia, todos os demais bolseiros a que se refire este artigo que cursen estudos presenciais nunha poboación de máis de 100.000 habitantes recibirán, ademais dos compoñentes a que teñan dereito, un suplemento de 202 euros.

3. O alumnado de programas de cualificación profesional inicial poderá obter os compoñentes de material escolar, desprazamento e escolarización e, de ser o caso, o suplemento de cidades. O alumnado que curse o módulo voluntario poderá obter, ademais, o compoñente de mantemento, que se aboará de forma fraccionada e cuxa obtención quedará condicionada ao aproveitamento académico do bolseiro durante o curso 2009-2010.

4. O alumnado matriculado en centros públicos para seguir cursos de preparación para as probas de acceso á formación profesional poderá obter os compoñentes de material escolar, desprazamento e, de ser o caso, o suplemento de cidades.

O alumnado que curse estudos de idiomas en escolas oficiais poderá obter os compoñentes de material escolar, desprazamento e, de ser o caso, o suplemento de cidades.

5. Os que, de conformidade co disposto no artigo 18 do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, utilicen a oferta específica para persoas adultas ou oferta de matrícula parcial poderán obter os compoñentes para escolarización, desprazamento e material escolar e, de ser o caso, o suplemento de cidades. As contías destes compoñentes poderanse ponderar en función da carga lectiva e do horario escolar.

6. O alumnado que curse estudos oficiais de bacharelato ou formación profesional a distancia poderá obter o compoñente de material escolar coas contías establecidas neste real decreto e nas condicións que se determinen na correspondente convocatoria. Ademais, poderase obter unha contía máxima de 382 euros en concepto de desprazamento cando non resida na mesma localidade en que radique a sede do centro colaborador ou a extensión do centro de bacharelato a distancia.

7. Os limiares de renda aplicables para a concesión dos compoñentes das bolsas e axudas ao estudo previstas neste artigo serán os seguintes:

a) Para a concesión do compoñente de compensatoria, aplicarase o limiar 1 de renda familiar establecido neste real decreto.

b) Para a concesión do compoñente de escolarización, aplicarase o limiar 2 de renda familiar.

c) Para a concesión do compoñente de residencia, aplicarase o limiar 4 de renda familiar. Estes solicitantes tamén poderán recibir o compoñente de material.

d) Para a concesión do material escolar e, de ser o caso, do suplemento de cidades, como únicos compoñentes aplicarase o limiar 5 de renda familiar.

e) Para a concesión dos demais compoñentes de bolsa, aplicarase o limiar 3 de renda familiar.

Artigo 5. Compoñentes e contías das bolsas para ensinanzas universitarias e outros estudos superiores.

1. Os compoñentes e contías das bolsas de carácter xeral para as ensinanzas universitarias conducentes ao título de grao, de máster, de licenciado, de enxeñeiro, de arquitecto, de diplomado, de mestre, de enxeñeiro técnico e de arquitecto técnico, de ensinanzas artísticas, e doutras ensinanzas superiores serán os seguintes:

	Compoñentes básicos da bolsa	Ensinanzas adaptadas ao EEES		Demais ensinanzas deste artigo
		Grao	Máster	
De compensación	Axuda compensatoria.		2.525,00	2.525,00
	Bolsa salario.	2.800,00		
Por desprazamento	Desprazamento de 5 a 10 km.	190,00 euros		
	Desprazamento de máis de 10 a 30 km.	382,00 euros		
	Desprazamento de máis de 30 a 50 km.	755,00 euros		
	Desprazamento de máis de 50 km.	928,00 euros		
	Transporte urbano.	183,00 euros		
Outros compoñentes	Residencia.	2.531,00 euros		
	Material para estudos.	242,00 euros		
	Matrícula para estudos universitarios.	Importe dos prezos públicos oficiais por servizos académicos para o curso 2009-2010		
	Proxecto de fin de carreira.			538,00 euros

2. Os que opten pola matrícula parcial e os que realicen o curso de preparación para o acceso á universidade na súa modalidade presencial poderán obter unicamente os compoñentes de matrícula, desprazamento, transporte urbano e material de estudos. As contías destes compoñentes poderanse ponderar en función da carga lectiva e do horario escolar.

3. O alumnado que curse estudos universitarios non-presenciais, incluído o curso de preparación para o acceso de maiores de 25 anos, poderá obter o compoñente de material de estudos e o compoñente de matrícula coas contías establecidas neste real decreto e nas condicións que se determinen na correspondente convocatoria. Ademais, poderán obter unha contía máxima de 382 euros en concepto de desprazamento cando non residan na mesma localidade en que radique a sede do centro asociado ou colaborador.

4. A bolsa de matrícula financiará o prezo público oficial para os servizos académicos no ámbito de cada comunidade autónoma. No caso dos estudantes de universidades privadas, o importe desta bolsa non excederá os prezos públicos oficiais establecidos para a mesma titulación e plan de estudos nos centros de titularidade pública da súa mesma comunidade autónoma. A contía da bolsa será a do importe dos prezos públicos oficiais

por servizos académicos para o curso 2009-2010 e alcanzará o mínimo de créditos necesarios para obter a titulación de que se matriculase e para a que se lle concede a bolsa.

5. A bolsa de proxecto fin de carreira está destinada a lles facilitar un importe ou beneficio económico aos estudantes de ensinanza técnica e doutros estudos superiores en que se requira a superación do dito proxecto para a obtención do título. Non será aplicable cando o proxecto estea configurado dentro do plan de estudos e cuxos créditos formen parte do mínimo para a obtención do título ou cando se realice simultaneamente con algún dos cursos da carreira. Os beneficiarios universitarios da bolsa de proxecto fin de carreira poderán obter igualmente a bolsa de matrícula e de material para estudo.

6. Os limiares de renda aplicables para a concesión dos compoñentes das bolsas e axudas ao estudo previstas neste artigo serán os seguintes:

a) Para a concesión do compoñente de compensatoria e de bolsa salario, aplicarase o limiar 1 de renda familiar establecido neste real decreto.

b) Para a concesión do compoñente de residencia, aplicarase o limiar 4 de renda familiar. Estes solicitantes tamén poderán recibir o compoñente de material de estudo e de transporte urbano.

c) Para a concesión da matrícula como único compoñente, aplicarase o limiar 5 de renda familiar.

d) Para a concesión dos demais compoñentes de bolsa, aplicarase o limiar 3 de renda familiar.

Artigo 6. *Contías adicionais.*

As contías das bolsas e axudas ao estudo establecidas nos artigos 4 e 5 incrementaranse nas seguintes contías:

a) A contía do compoñente de residencia incrementarase en 202 euros cando o centro docente a que asista o alumno radique nunha poboación de máis de 100.000 habitantes. Esta contía adicional será de 346 euros cando a dita poboación supere os 500.000 habitantes.

b) Conforme o mandato contido no artigo 138.1 da Constitución, as persoas beneficiarias de bolsa con domicilio familiar na España insular, ou en Ceuta ou Melilla, que se vexan na necesidade de utilizar transporte marítimo ou aéreo para acceder ao centro docente en que cursen os seus estudos desde o seu domicilio, disporán de 429 euros máis sobre a contía da bolsa que lles correspondese.

c) Esta cantidade adicional será de 605 euros para os bolseiros con domicilio familiar nas illas de Lanzarote, Fuerteventura, Gomera, Hierro e La Palma, Menorca e as Pitiusas. Estes complementos de bolsa serán tamén aplicables ao alumnado matriculado en centros oficiais de bacharelato a distancia que resida en territorio insular que careza de centro asociado ou colaborador.

d) No caso de que o alumnado se teña que desprazar entre a Illas Canarias e a Península, as cantidades a que se refiren os dous parágrafos anteriores serán de 862 euros e 910 euros, respectivamente.

Artigo 7. *Bolsas de mobilidade.*

1. Convocarase bolsas de mobilidade para o alumnado que curse en modalidade presencial e en centros situados nunha comunidade autónoma distinta á do seu domicilio familiar algunha das seguintes ensinanzas: artísticas superiores, estudos relixiosos superiores, ensinanzas conducentes aos títulos de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, así como para as ensinanzas universitarias conducentes ao título de grao e de másters oficiais que se cursen en universidades españolas.

2. As modalidades e contías das bolsas de mobilidade serán as seguintes:

Modalidades	Estudantes con domicilio familiar en Illes Balears – Euros	Estudantes con domicilio familiar en Canarias, Ceuta ou Melilla – Euros	Resto de estudantes – Euros
Xeral de mobilidade con residencia	3.908,00	4.213,00	3.303,00
Especial de mobilidade con residencia	6.433,00	6.738,00	5.828,00
Xeral de mobilidade sen residencia	-	-	1.592,00
Especial de mobilidade sen residencia	-	-	3.772,00

3. Os limiares de renda aplicables para a concesión dos compoñentes das bolsas de mobilidade serán os seguintes:

- Para a concesión das modalidades especiais de bolsa de mobilidade, aplicarase o limiar 1 de renda familiar.
- Para a concesión da bolsa xeral de mobilidade sen residencia, aplicarase o limiar 3 de renda familiar.
- Para a concesión da bolsa xeral de mobilidade con residencia, aplicarase o limiar 4 de renda familiar.
- Para a concesión da matrícula como único compoñente, aplicarase o limiar 5 de renda familiar.

Artigo 8. *Axudas ao estudo e subsidios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.*

1. Convocaranse axudas ao estudo e subsidios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade ou trastorno de conduta ou asociada a alta capacidade intelectual que curse estudos nos niveis de segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, ciclos formativos de grao medio e de grao superior e programas destinados á obtención dunha cualificación profesional inicial. Os subsidios atenderán aos gastos de comedor escolar e de transporte escolar, e concederánselle ao alumnado con necesidades educativas especiais que pertencen a familias numerosas.

2. Os compoñentes e contías das axudas e subsidios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade serán os seguintes:

Compoñentes	Educación Primaria, ESO e programas de cualificación profesional inicial	Resto de niveis educativos
Axuda de ensino.	Ata 853,00	Ata 853,00
Axuda ou subsidio de transporte escolar	Ata 611,00	Ata 611,00
Axuda ou subsidio de comedor escolar	Ata 568,00	Ata 568,00
Axuda de residencia escolar	Ata 1.777,00	Ata 1.777,00
Axuda para transporte de fin de semana	Ata 438,00	Ata 438,00
Axuda para transporte urbano	Ata 305,00	Ata 305,00
Axuda para material escolar.	Ata 104,00	Ata 202,00
Axuda para reeducación pedagóxica.	Ata 904,00	Ata 904,00
Axuda para reeducación da linguaxe.	Ata 904,00	Ata 904,00

3. As contías establecidas na táboa anterior para as axudas ou subsidios de transporte incrementaranse ata nun 50 por cento cando o alumno teña unha discapacidade motora recoñecida superior ao 65 por cento.

4. Non se concederán axudas nin subsidios cando os gastos a que atenden estean cubertos suficientemente por servizos ou fondos públicos ou, de ser o caso, por axudas concedidas a centros para financiar o correspondente servizo. No nivel de educación infantil non se concederán axudas para material escolar.

5. O alumnado con altas capacidades intelectuais poderá obter, nos termos previstos no artigo 11 do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, unha axuda de ata 904 euros para o pagamento dos gastos derivados da inscrición e asistencia a programas específicos para este colectivo.

6. Os limiares de renda aplicables para a concesión dos compoñentes das axudas ao estudo e subsidios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo serán os seguintes:

- a) Para a concesión destas axudas aplicarase o limiar 3 de renda familiar.
- b) Para a concesión dos subsidios non se atenderá á renda nin ao patrimonio familiar.

CAPÍTULO III

Os limiares de renda e patrimonio familiar

Artigo 9. *Limiares de renda familiar.*

1. De conformidade co previsto na alínea e) da disposición adicional primeira do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, o limiar 1 de renda familiar para o curso 2009-2010 fixarase nas convocatorias que aproben o Ministerio de Educación e as administracións educativas competentes que asumisen o pleno exercicio das competencias previstas no dito real decreto.

O Ministerio de Educación financiará a totalidade das bolsas suxeitas ao extremo inferior do intervalo recollido na seguinte táboa. As bolsas que se lles concedan aos estudantes cuxa renda familiar se sitúe dentro do intervalo fixado financiaranse ao cincuenta por cento entre o Ministerio de Educación e a comunidade autónoma convocante.

Familias dun membro	Entre 3.676,00 e 3.786,00 euros.
Familias de dous membros	Entre 7.094,00 e 7.306,00 euros.
Familias de tres membros	Entre 10.337,00 e 10.647,00 euros.
Familias de catro membros	Entre 13.557,00 e 13.964,00 euros.
Familias de cinco membros	Entre 16.770,00 e 17.273,00 euros.
Familias de seis membros	Entre 19.912,00 e 20.509,00 euros.
Familias de sete membros	Entre 22.983,00 e 23.672,00 euros.
Familias de oito membros	Entre 25.984,00 e 26.764,00 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse entre 3.001,00 e 3.091,00 euros por cada novo membro computable da familia.

2. O limiar 2 de renda familiar para o curso 2009-2010 será o recollido na seguinte táboa:

Familias dun membro	10.668,00 euros.
Familias de dous membros	17.377,00 euros.
Familias de tres membros	22.820,00 euros.
Familias de catro membros	27.069,00 euros.
Familias de cinco membros	30.717,00 euros.
Familias de seis membros	34.241,00 euros.
Familias de sete membros	37.576,00 euros.
Familias de oito membros	40.882,00 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse 3.282,00 euros por cada novo membro computable da familia.

3. O limiar 3 de renda familiar para o curso 2009-2010 será o recollido na seguinte táboa:

Familias dun membro	11.937,00 euros.
Familias de dous membros	19.444,00 euros.
Familias de tres membros	25.534,00 euros.
Familias de catro membros	30.287,00 euros.
Familias de cinco membros	34.370,00 euros.
Familias de seis membros	38.313,00 euros.
Familias de sete membros	42.041,00 euros.
Familias de oito membros	45.744,00 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse 3.672,00 euros por cada novo membro computable da familia.

4. O limiar 4 de renda familiar para o curso 2009-2010 será o recollido na seguinte táboa:

Familias dun membro	13.236,00 euros.
Familias de dous membros	22.594,00 euros.
Familias de tres membros	30.668,00 euros.
Familias de catro membros	36.421,00 euros.
Familias de cinco membros	40.708,00 euros.
Familias de seis membros	43.945,00 euros.
Familias de sete membros	47.146,00 euros.
Familias de oito membros	50.333,00 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse 3.181,00 euros por cada novo membro computable da familia.

5. De conformidade co previsto na alínea e) da disposición adicional primeira do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, o limiar 5 de renda familiar para o curso 2009-2010 fixarase nas convocatorias que aproben o Ministerio de Educación e as administracións educativas competentes que asumisen o pleno exercicio das competencias previstas no dito real decreto.

O Ministerio de Educación financiará a totalidade das bolsas suxeitas ao extremo inferior do intervalo recollido na seguinte táboa. As bolsas que se lles concedan aos estudantes cuxa renda familiar se sitúe dentro do intervalo fixado financiaranse ao cincuenta por cento entre o Ministerio de Educación e a comunidade autónoma convocante.

Familias dun membro	Entre 14.112,00 e 14.826,00 euros.
Familias de dous membros	Entre 24.089,00 e 25.308,00 euros.
Familias de tres membros	Entre 32.697,00 e 34.352,00 euros.
Familias de catro membros	Entre 38.831,00 e 40.796,00 euros.
Familias de cinco membros	Entre 43.402,00 e 45.598,00 euros.
Familias de seis membros	Entre 46.853,00 e 49.224,00 euros.
Familias de sete membros	Entre 50.267,00 e 52.810,00 euros.
Familias de oito membros	Entre 53.665,00 e 56.380,00 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse entre 3.391 e 3.562 euros por cada novo membro computable da familia.

6. No suposto de que, resolta a convocatoria, o número de bolseiros resulte inferior ao do curso académico 2008-2009 incrementado nun 10 por cento, o Ministerio de Educación poderá elevar progresivamente os limiares de renda familiar, sen exceder un 10 por cento. Se esta elevación de limiares afectase o limiar 1 ou o limiar 5, os compromisos de financiamento do Ministerio de Educación entenderíanse adaptados aos novos parámetros.

Artigo 10. *Cálculo da renda familiar.*

1. A renda familiar para os efectos de bolsa ou axuda obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos parágrafos seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Para os efectos das bolsas e axudas ao estudo do curso 2009-2010, computarase o exercicio 2008.

2. Para a determinación da renda dos membros computables que presentasen declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas, procederase do modo seguinte:

a) Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndo os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes a exercicios anteriores a 2008 e o saldo neto negativo de rendementos do capital mobiliario que constitúen a renda do aforro correspondente a 2007.

b) Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

3. Para a determinación da renda dos demais membros computables que obteñan ingresos propios e non presentasen declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas seguirase o procedemento descrito na alínea a) anterior e do resultado obtido restaranse os pagamentos á conta efectuados.

Artigo 11. *Deducións da renda familiar.*

No curso 2009-2010 aplicaranse as seguintes deducións da renda familiar:

a) O 50 por cento dos ingresos achegados por calquera membro computable da familia distinto dos sustentadores principais.

b) 500 euros por cada irmán, incluído o solicitante, que conviva no domicilio familiar, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral, e 765 euros para familias numerosas de categoría especial, sempre que teña dereito a este beneficio. Cando sexa o propio solicitante o titular da familia numerosa, as cantidades sinaladas serán computadas en relación cos fillos que a compoñan. Esta dedución será de ata 2.000 euros na convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

c) 1.811 euros por cada irmán ou fillo do solicitante ou o propio solicitante que estea afectado de discapacidade, legalmente recoñecida, de grao igual ou superior ao 33 por cento. Esta dedución será de 2.881 euros cando a discapacidade sexa de grao igual ou superior ao 65 por cento. Esta dedución será de ata 4.000 euros na convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

d) 1.176 euros por cada fillo menor de 25 anos que curse estudos universitarios e resida fóra do domicilio familiar, cando sexan dous ou máis os fillos estudantes con residencia fóra do domicilio familiar por razón de estudos universitarios.

e) Incrementarase o limiar de renda familiar aplicable nun 20 por cento cando o solicitante sexa orfo absoluto.

Artigo 12. *Limiars indicativos de patrimonio familiar.*

1. Calquera que sexa a renda familiar calculada segundo o disposto nos artigos 10 e 11, denegarase a bolsa ou axuda solicitada para o curso 2009-2010 cando se superen os limiars indicativos de patrimonio familiar que se fixan a continuación.

a) A suma dos valores catastrais dos predios urbanos que pertencen aos membros computables da familia, excluída a vivenda habitual, non poderá superar 42.500 euros. No caso de inmobles nos que a data de efecto da última revisión catastral estea comprendida entre o 1 de xaneiro de 1990 e o 31 de decembro de 2002, multiplicaranse os valores catastrais por 0,49. No caso de que a data da mencionada revisión for posterior ao 31 de decembro de 2002, os valores catastrais multiplicaranse polos coeficientes seguintes:

Por 0,43 os revisados en 2003.

Por 0,37 os revisados en 2004.

Por 0,30 os revisados en 2005.

Por 0,26 os revisados en 2006.

Por 0,25 os revisados en 2007.

Por 0,25 os revisados en 2008.

Nos inmobles localizados na Comunidade Foral de Navarra, o valor catastral multiplicarase en todo caso por 0,50.

A Dirección Xeral do Catastro facilitará a relación de municipios que correspondan a cada unha das situacións indicadas, para os efectos de aplicación do coeficiente de ponderación.

b) A suma dos valores catastrais dos predios rústicos que pertencen aos membros computables da familia non poderá superar 13.000 euros por cada membro computable.

c) A suma dos rendementos netos reducidos do capital mobiliario máis o saldo neto positivo de ganancias e perdas patrimoniais pertencente aos membros computables da familia, excluindo as subvencións recibidas para adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual e, de ser o caso, a renda básica de emancipación, non poderá superar 1.700 euros.

Estes elementos indicativos do patrimonio computaranse polo seu valor en 31 de decembro de 2008.

2. Cando sexan varios os elementos indicativos do patrimonio descritos no número anterior de que dispoñan os membros computables da familia, calcularase a porcentaxe de valor de cada elemento respecto do limiar correspondente. Denegarase a bolsa cando a suma das referidas porcentaxes supere cen. Non obstante, se unha vez resoltas as convocatorias o número de bolseiros resultar inferior ao do curso 2008-2009 incrementado nun 10 por cento, o Ministerio de Educación poderá determinar que non se aplique o disposto neste número.

3. Tamén se denegará a bolsa ou axuda ao estudo solicitada cando as actividades económicas de que sexan titulares os membros computables da familia teñan un volume de facturación, en 2008, superior a 155.500 euros.

4. Para os efectos do cómputo do valor dos elementos a que se refiren os parágrafos anteriores, deducirase o 50 por cento do valor daqueles que pertencen a calquera membro computable da familia, excluído os sustentadores principais.

Disposición adicional primeira. *Requisitos académicos para os alumnos doutros estudos superiores.*

Nos estudos superiores non integrados na universidade organizados por cursos académicos requirirase, para os efectos da obtención de bolsa, que o solicitante se matricule por cursos completos.

Nos restantes casos dos ditos estudos, será preciso que o solicitante se matricule, como mínimo, do número de créditos ou materias que resulte de dividir o total dos que integran o plan de estudos polo número de anos que o compoñan. En todo caso, ese número de anos deberase axustar ao establecido nos reais decretos polos que se establecen os aspectos básicos comúns dos plans de estudo destas ensinanzas.

En ambos os dous supostos, estes mínimos non serán exixibles cando ao solicitante lle reste un número menor de créditos ou materias para finalizar os seus estudos, casos en que se deberán matricular de todos eles.

Disposición adicional segunda. *Medidas específicas para compensar as desvantaxes dos estudantes universitarios con discapacidade.*

1. A contía dos compoñentes que se determinen das bolsas e axudas ao estudo fixadas para os estudantes universitarios, con excepción da relativa á bolsa de matrícula, poderase incrementar ata nun 50 por cento cando o solicitante estea afectado dunha discapacidade de grao igual ou superior ao 65 por cento, legalmente cualificada.

Non se concederán axudas cando os gastos a que atenden estean cubertos suficientemente por servizos ou fondos públicos.

2. As deducións previstas na renda familiar especificadas nas alíneas b) e c) do artigo 11 para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo aplicaranse igualmente aos estudantes universitarios dunha discapacidade de grao igual ou superior ao 65 por cento, legalmente cualificada.

3. O número de créditos do cal deban quedar matriculados os solicitantes de bolsa e que se establecerá nas convocatorias correspondentes minorarase no caso dos estudantes afectados de discapacidade legalmente cualificada, reducíndose a carga lectiva necesaria para cumprir o requisito de matriculación nun 50 por cento, como máximo, cando o solicitante estea afectado de discapacidade de grao igual ou superior ao 65 por cento.

Disposición transitoria primeira. *Axudas para a adquisición de libros convocadas polas comunidades autónomas.*

Durante o curso 2009-2010 non serán de aplicación as normas reguladoras dos requisitos económicos contidas neste real decreto e no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, ás convocatorias de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar nos niveis obrigatorios publicadas polas comunidades autónomas ao abeiro dun convenio de colaboración co Ministerio de Educación.

Disposición transitoria segunda. *Convenios de cofinanciamento.*

Excepcionalmente para o curso 2009-2010, as comunidades autónomas que iniciasen a negociación para o traspaso das funcións e servizos en materia de xestión de bolsas e axudas ao estudo personalizadas, de conformidade co previsto na disposición adicional cuarta do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, poderán acordar, a través dun convenio co Ministerio de Educación, a convocatoria e o cofinanciamento con cargo aos seus propios orzamentos do 50 por cento das bolsas que se lles concedan aos estudantes cuxa renda familiar se sitúe dentro do intervalo fixado no artigo 9, números 1 e 5 deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial e carácter de lexislación básica.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro das regras 1.^a e 30.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle reservan ao Estado a competencia para establecer as normas básicas para o desenvolvemento do dereito á educación, co obxecto de garantir a igualdade de todos os españois no seu exercicio.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas personalizadas.*

1. Engádenselle novos parágrafos ao número 1 do artigo 9 do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas personalizadas, coa seguinte redacción:

«O compoñente de compensación poderá revestir a modalidade de axuda compensatoria, bolsa salario ou bolsa de mantemento.

A bolsa salario destinarase a compensar a ausencia de ingresos que comporta a dedicación plena aos estudos universitarios. Os beneficiarios deberán estar a cursar ensinanzas universitarias de grao en modalidade presencial.

A bolsa de mantemento destinarase a incentivar a permanencia no sistema educativo dos alumnos que non obtivesen a titulación correspondente a Educación Secundaria Obrigatoria. Os beneficiarios deste compoñente deberán estar a cursar co debido aproveitamento o módulo voluntario dos programas de cualificación profesional inicial.»

2. Substitúese a expresión «maiores de vinte e cinco anos» nos artigos 22.2 e 24.2 por «os que opten pola matrícula parcial».

3. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 26, que queda redactado nos seguintes termos:

«Nos casos en que se opte pola matrícula parcial ou en que a universidade, en virtude da súa propia normativa, limite o número de créditos en que pode quedar matriculado o alumno, poderá tamén este obter bolsa matriculándose de, polo menos, 30 créditos que deberá aprobar na súa totalidade para mantela no seguinte curso. A contía da bolsa será do cincuenta por cento da cantidade que lle tería correspondido coa excepción da bolsa de matrícula que se aboará na súa totalidade.»

4. Modifícase o artigo 29, que queda redactado nos seguintes termos:

«Poderase obter bolsa para os estudos conducentes ao título oficial de máster universitario durante un ano máis dos establecidos no correspondente plan de estudos.»

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo.*

Correspóndelle ao ministro de Educación, no ámbito das súas competencias, ditar as normas que sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de maio de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL